

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CBIMP11	Peiteado e estética	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3063	Maquillaxe	2023/2024	9	218	261

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGELA FERRAL GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O cambio nos hábitos de vida dos consumidores: O sector da estética e a beleza, sufriron unha evolución nos últimos anos como consecuencia do desenvolvemento experimentado nos sectores económicos de forma xeral, e no sector servizos en particular, o que supuxo unha forte demanda de profesionais.

A formación dos profesionais, como consecuencia do exposto anterior, neste sector, esixe non só unhas coñecementos en procedementos profesionais especializados, senón a capacidade para abarcar tarefas e orientación o cliente.

En definitiva, este ciclo ten que formar os alumnos/as para dous tipos de empresa, diferentes entre si, pero complementarias: A especializada (empresas de servizo de manicura, depilación, maquilladoras, e a globalizada (empresas que ofrecen todos os procesos e os contratan ou incluso engloban os subsectores da estética e peluquería)

Temos que ter en conta que a evolución da estética está en expansión. As principais tendencias, an de ser tidas en conta, tanto nos currículos, como na formación dos alumnos/as.

No ámbito produtivo, a título de exemplo e con fins de orientación profesional, enuméranse as ocupacións ou postos de traballo que podían ser desempeñadas por os profesionais do peiteado e da estética:

- Auxiliar de peiteado
- Axudante/a de manicura e pedicura
- Axudante/a de maquillaxe
- Auxiliar de depilación

Os/as futuros profesionais deberán ter coñecementos de hábitos saudables e de técnicas e cosméticos de última xeneración.

O profesional ten que evolucionar coas novas necesidades da empresa e o que demanda o mercado completándose con competencias relacionadas coa calidade, seguridade e hixiene.

En canto a novidade, obsérvase unha tendencia masculina no sector da estética, polo tanto, un incremento pola formación deste sector en técnicas de peiteado, barbaría e cuidados cosméticos para mellorar os cuidados dos usuarios.

O perfil profesional da estética e peiteado marca unha evolución no desenvolvemento cada vez menos agresivos para a pel, pelo e uñas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación de utensilios e produtos de maquillaxe.	Estudo dos utensilios e produtos de maquillaxe, estudo das características e as súas aplicacións.	40	10
2	Preparación da pel do cliente.	Estudo da pel do cliente aplicando as técnicas de hixiene e protección.	40	10
3	Capacidade asociativas e iniciativa emprendedora.	Práctica das capacidades asociativas e iniciativa emprendedora.	9	5
4	Aplicación de técnicas de maquillaxe social tendo en conta as necesidades da clientela.	Estudo e práctica das técnicas de maquillaxe social, tendo en conta a relación entre o tipo de maquillaxes e as necesidades da clientela, baixo a supervisión do personal técnico responsable.	107	40

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Realización de maquillaxes básicos defantasia facial e determinar a súa harmonia estética e cromática.	Práctica de maquillaxes básicos de fantasía facial e determinar a súa harmoníaestética e cromática, baixo a supervisión do personal técnico responsable.	65	35

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación de utensilios e produtos de maquillaxe.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara utensilios e produtos de maquillaxe, e recoñece as súas características e as súas aplicacións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse e realizáronse os procesos de hixiene, desinfección e esterilización dos materiais de uso nas técnicas de maquillaxe
CA1.1.1 Identificáronse os procesos de hixiene , desinfección e esterilización dos materiais de uso nas técnicas de maquillaxe
CA1.1.2 Realizáronse os procesos de hixiene, desinfección e esterilización dos materiais de uso nas técnicas de maquillaxe
CA1.2 Descríbense as posibles alteracións dermatolóxicas e oculares máis frecuentes derivadas dunha mala hixiene de utensilios e produtos
CA1.3 Realizouse a identificación dos utensilios adecuados para cada tipo de traballo
CA1.4 Descríbiuse o uso axeitado de cada pincel na técnica de maquillaxe
CA1.5 Preparáronse os utensilios, os materiais e os produtos aplicando técnicas de seguridade e hixiene necesarias
CA1.6 Identifícaronse os utensilios e os produtos necesarios para as técnicas de maquillaxe social e fantasía facial

Criterios de avaliación
CA1.7 Sinaláronse os usos correctos e máis habituais dos produtos
CA1.8 Interpretáronse as instrucións de uso e conservación dos cosméticos de maquillaxe
CA1.9 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.10 Mantívose unha imaxe persoal apropiada para a aplicación de técnicas de maquillaxe

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Hixiene e imaxe persoal do/da profesional de maquillaxe.</p> <p>Utensilios e ferramentas que se utilizan na maquillaxe profesional: descrición e características.</p> <p>Utilización adecuada dos utensilios. Alteracións derivadas dunha hixiene incorrecta dos utensilios e dos produtos.</p> <p>Procedementos de hixiene, desinfección e/ou esterilización dos utensilios.</p> <p>Cosméticos para a maquillaxe: tipos, técnica de aplicación e criterios de selección de cada un.</p> <p>Medidas de prevención de riscos laborais e ambientais.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Preparación da pel do cliente.	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a pel do/da cliente/a aplicando técnicas de hixiene e protección	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparouse o/a cliente/a para o servizo que se vaia realizar, garantindo a súa seguridade
CA2.2 Describiuse a posición anatómica do/da cliente/a e do/da profesional para realizar a hixiene superficial do rostro
CA2.3 Formuláronse preguntas tipo que permiten detectar os gustos e as preferencias da clientela e se consultou a ficha técnica
CA2.4 Relaciónáronse as características da pel co uso dos cosméticos máis adecuados
CA2.5 Colaborouse na elección dos cosméticos de hixiene necesarios para as técnicas de maquillaxe que se vaian realizar
CA2.6 Realizouse a aplicación dos cosméticos de hixiene describindo as direccións correctas en función da zona do rostro: ollos, beizos, pescozo ou escote
CA2.7 Retiráronse completamente os restos de cosmético limpador e aplicouse o tónico, evitando a zona orbicular
CA2.8 Valorouse e avalíouse, baixo supervisión técnica, se cómpre a aplicación dun cosmético exfoliante e, en caso afirmativo, aplicouse e retirouse adecuadamente
CA2.9 Valorouse e avalíouse, baixo supervisión técnica, e realizouse a aplicación dunha máscara no rostro seguindo as direccións correctas, respectando o tempo de exposición, e retirouse completamente
CA2.10 Aplicouse o cosmético hidratante ou tensor seguindo as normas sinaladas por fábrica
CA2.11 Cubriuse a ficha técnica do servizo cos datos persoais e cos relativos aos cosméticos aplicados e ás observacións realizadas
CA2.12 Aplicáronse as medidas de seguridade requiridas

4.2.e) Contidos

Contidos
Preparación do/da clientela e do/da profesional.
Tipos de pel.
Cosméticos de aplicación antes e despois da maquillaxe: pautas de uso e aplicación. Cosméticos de hixiene. Exfoliación cutánea (peeling). Cosméticos de mantemento e protección. Máscaras.

Contidos
Proceso de desmaquillaxe de ollos, beizos e rostro. Ficha técnica: pautas de formalización. Medidas de seguridade aplicables.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Capacidades asociativas e iniciativa emprendedora.	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da aplicación de maquillaxes	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a aplicación de maquillaxes
CA3.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na aplicación de maquillaxes
CA3.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa aplicación de maquillaxes

4.3.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na aplicación de maquillaxes. Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na aplicación de maquillaxes. O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa aplicación de maquillaxes.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Aplicación de técnicas de maquillaxe social tendo en conta as necesidades da clientela.	107

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de maquillaxe social, tendo en conta a relación entre o tipo de maquillaxe e as necesidades da clientela, baixo a supervisión do persoal técnico responsable	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse e preparáronse adecuadamente o material e os cosméticos de uso para cada persoa atendendo ao tipo de pel e en función do seu ton, a súa cor de ollos e o seu tipo de roupa
CA4.2 Describiuse a posición anatómica do/da cliente/a e do/da profesional para realizar a maquillaxe social demandada
CA4.3 Observouse o rostro do/da cliente/a e realizáronse preguntas que permitan coñecer o seu estilo persoal e posibles alerxias de contacto
CA4.4 Realizouse a depilación das cellas corrixindo a súa forma, de acordo coa configuración do rostro, aplicando as medidas de hixiene necesarias
CA4.4.1 4.4.1 Identificáronse as partes da cella, os distintos tipos morfolóxicos das cellas e as súas correccións.
CA4.4.2 4.4.2 Realizouse a depilación de cellas aplicando as correccións oportunas e aplicando as medidas de seguridade e hixiene.
CA4.5 Descríbense as normas de seguridade e hixiene que cumpra aplicar na realización de maquillaxes sociais
CA4.5.1 Identificáronse as normas de seguridade e hixiene necesarias na aplicación das maquillaxes sociais.
CA4.5.2 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene nos procesos de aplicación das maquillaxes sociais.
CA4.6 Determinouse correctamente a harmonía de cores para utilizar e as técnicas de visaxismo que se vaian empregar
CA4.7 Aplicáronse adecuadamente as correccións claras e o fondo de maquillaxe indicados para o tipo de pel e a técnica específica que requira a textura do produto

Criterios de avaliación
CA4.8 Realizáronse as correccións escuras oportunas segundo as técnicas de visaxismo adaptadas ao óvalo do/da cliente/a e ao tipo de maquillaxe social que se vaia realizar
CA4.9 Aplicáronse destramente e mediante as técnicas apropiadas de visaxismo os cosméticos decorativos de ollos, beizos, cellas, pestanas e fazulas
CA4.10 Valorouse a responsabilidade asociada ás actividades profesionais do persoal maquillador ao desenvolver a súa actividade en zonas sensibles, como os ollos e os beizos
CA4.11 Tivéronse en conta as precaucións necesarias retirando lentes de contacto ou outras próteses que poidan resultar perigosas no desenvolvemento da técnica de maquillaxe
CA4.12 Aplicáronse as medidas de seguridade requiridas
CA4.13 Seguiuse o protocolo establecido para determinar o grao de satisfacción da clientela

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Cor, luz e cor pigmento. Factores que inflúen na percepción da cor. Clasificación e características das cores pigmento. Estudo dos tipos de luz e a súa influencia sobre cada cor.</p> <p>Medidas de seguridade aplicables.</p> <p>Avaliación do grao de satisfacción da clientela.</p> <p>Aplicacións da cor á maquillaxe: corrección do ton de pel e corrección óptica do rostro. Cores cálidas e frías: harmonía e contraste.</p> <p>Harmonía na imaxe persoal: idade, personalidade, circunstancia e indumentaria.</p> <p>Realización de bosquejos. Técnicas de debuxo rápido.</p> <p>Técnicas de visaxismo. Morfoloxía e xeometría do rostro. Clasificación de óvalos: técnicas de corrección. Estudo dos tipos de fronte, nariz e queixo: técnicas de corrección. Estudo dos tipos de ollos e beizos: técnicas de corrección. Estudo das cellas. Maquillaxe das cellas. Corrección de cellas segundo as técnicas de visaxismo.</p> <p>Técnicas específicas de maquillaxe.</p> <p>Métodos de aplicación dos produtos cosméticos decorativos.</p> <p>Fases do proceso: recepción e acomodación da clientela (ergonomía); ficha técnica (registro de datos da clientela); preparación da pel e aplicación do fondo de maquillaxe; aplicación da maquillaxe dos ollos, as pestanas e as cellas; aplicación da maquillaxe dos beizos; aplicación da maquillaxe das fazulas; aplicación de cosméticos finais para a fixación da maquillaxe.</p> <p>Pautas xerais para conseguir unha maior duración da maquillaxe.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Realización de maquillaxes básicos de fantasía facial e determinar a súa harmonía estética e cromática.	65

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza maquillaxes básicos de fantasía facial e determina a súa harmonía estética e cromática, baixo a supervisión do persoal técnico responsable	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse e preparáronse adecuadamente o material e os cosméticos utilizados nas maquillaxes de fantasía
CA5.2 Consideráronse as normas de seguridade e hixiene que cómpre aplicar na realización de maquillaxes de fantasía
CA5.3 Describiuse a posición anatómica do/da cliente/a e do/da profesional para realizar a maquillaxe de fantasía facial seleccionada
CA5.4 Colaborouse na detección das demandas e das necesidades que debe cubrir o servizo
CA5.5 Realizouse un bosquexo previo sobre a fantasía que se vaia realizar, que facilite a súa execución
CA5.6 Determinouse correctamente a harmonía estética e cromática que permita un bo resultado
CA5.7 Comezouse co debuxo sobre a pel cun lapis branco que permita corrixir, se non se logrou a adaptación correcta do deseño ao espazo que debe ocupar
CA5.8 Considerouse a necesidade de utilizar un pincel para cada cor para conseguir unha limpeza de execución e acabado da maquillaxe
CA5.9 Aplicouse unha substancia fixadora que permita manter inalterable a maquillaxe durante máis tempo
CA5.10 Identificáronse as fases do proceso e o resultado das maquillaxes realizadas, aplicando as medidas necesarias para a corrección de posibles desviacións
CA5.11 Completouse o proceso nun tempo adecuado

Crterios de avaliación

CA5.12 Realizouse a limpeza dos utensilios cos produtos específicos, respectando as normas de seguridade indicadas por fábrica, e conserváronse en bo estado para o próximo uso

CA5.13 Aplicáronse as medidas de seguridade requiridas

CA5.14 Seguiuse o protocolo establecido para determinar o grao de satisfacción da clientela

4.5.e) Contidos**Contidos**

Recepción e acomodación da clientela. Ergonomía.

Ficha técnica: pautas de formalización.

Fases do procedemento.

Pautas xerais para conseguir unha maior duración da maquillaxe.

Medidas de seguridade aplicables.

Avaliación do grao de satisfacción da clientela.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**_MÍNIMOS EXIXIBLES:**

Os mínimos exixibles serán todos os criterios de avaliación establecidos no currículo vixente e que se tiveron en conta para elaborar esta programación.

- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O desglose da nota será:

**30% proba escrita: : Con preguntas de carácter teórico (respostas curtas, preguntas a desenvolver e preguntas tipo test) a nota máxima será un 10. Realizará alomenos unha proba teórica en cada trimestre.

**70% probas prácticas (taboas de observación): O alumnado realizará prácticas diariamente, que o profesor anotará na táboa de observación, deste modo o profesor valora a calidade dos traballos, o interese polo traballo continuado e poderá corrixir erros.

O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente tódalas probas escritas e prácticas, e traballos para obter a unha avaliación positiva. Será en función dos pesos dos CA, especificados en cada unidade.

Hai CA de contido teórico que se avalían mediante proba escrita (parte teórica) e outros de contidos prácticos que se avalían coas táboas de observación (parte práctica)

Para acadar unha cualificación positiva deberán obter como mínimo un 5 tanto na parte teórica coma na práctica e superar ambas partes.

Se o alumno/a non entregan as actividades teóricas ou parte destas, ou se non fai os traballos prácticos co profesor propón para cada trimestre o alumno quedará automaticamente avaliado cunha cualificación inferior ou suspenderá o trimestre.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indicárselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

-TRATAMENTO DOS DECIMAIIS

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes, se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro máis próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

-CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta (sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación contínua (supere o 10% de horas de faltas do módulo), por razóns de inasistencia reiterada, terá dereito a realizar unha proba teórico-práctica no período de recuperación establecido.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

_Cando algún alumno/a non alcance unha calificación suficiente en calquera dos conceptos avaliados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceranse actividades específicas de recuperación que realizarán ó longo da seguinte avaliación. Daránselle as orientacións e apoios necesarios para tentar superarla, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades, en:

- Probas escrita/oral/entrega e exposición de traballos.
- Proba práctica.

Avaliación final ordinaria:

Logo de realizada a 3ª avaliación parcial (que se realizará conxuntamente coa avaliación final ordinaria) consignarase a nota obtida e adicionalmente nesa avaliación o profesor/a determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o periodo establecido adecuadas para superar as partes onde se teña avaliación negativa. Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que os indicados para as tres avaliacións parciais salvo que polas características das actividades de recuperación propostas se designen outras que serán comunicadas ao alumno/a previamente.

Actividades de ampliación, reforzo, profundización e titorización :

O alumnado que supere a materia logo da 3ª avaliación parcial, seguirá acudindo ao centro obrigatoriamente para realizar actividades de reforzo, profundización e titorización consistentes en:

- _Apoiar ao alumnado con partes suspensas segundo instrucións que serán facilitadas polo profesor/a.
- _Realizará un traballo de investigación en grupo aglutinador das capacidades adquiridas, ou actividades de reforzo ou ampliación de contidos.

O/A profesor/a poderá pedirlle ó alumnado que traia modelos reais para a realización dos exames prácticos, así como o seu material en perfectas condicións hixiénicas. Actividades de recuperación/das partes non superadas:

Ó alumno que non supere alguna avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na FP Básica, non se contempla a perda de dereito de avaliación continua para o alumnado en idade de escolarización obrigatoria. O alumnado con máis de 16 anos que supere o 10% de faltas injustificadas, perderá o dereito a avaliación continua e polo tanto terán que presentarse e superar unha proba extraordinaria. A data da mesma, será acordada polo equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do mesmo e daráse a coñecer ó alumnado con antelación suficiente.

A cualificación final do curso será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación tras a cualificación das actividades de reforzo e recuperación realizadas no período asignado.

A proba constará parte teórica y parte práctica.

Na parte práctica a alumna/o deberá desenvolver un supostos prácticos axustado ós contidos mínimos do módulo. Protocolizado e xustificado.

Para a súa realización a alumna/o deberá traer:

Modelos que se adapten as características requiridas para a proba, expostas con anterioridade a realización da mesma, así como o todo o material necesario para a súa realización. Deberá estar perfectamente uniformado/a e protexido/a cos equipos de protección persoal necesarios.

O peso na cualificación será:

-Probas practicas 70%.

-Probas teóricas 30%.

_Proba teórica/escrita:

Duración 2 horas(pode ser co formato de resposta pechada e elección múltiple, de desenrolo, ou unha combinación de ambas)

Contido da proba: (cuestións sobre os contidos conceptuais)

_Proba práctica: Duración máxima de 3 horas.(terá carácter teórico- práctico)

Preparación dos espazos de traballo, selección: útiles,cosméticos,aparells adecuados, protección do profesional,cliente ... (todo o necesario para realizar o traballo técnico en condicións de seguridade e hixiene idóneas).Ademáis do desenrolo práctico, deberá explicar por escrito antes de realizar os traballos prácticos os pasos que vai a seguir, para que quede constancia escrita dos pasos na execución do traballo.

Será necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes para a superación da proba. No caso de que a nota resultante sexa un decimal, redondearase da seguinte forma: se o decimal é inferior a 5, redondearase á baixa, porén se o decimal é superior o 5 redondearase a alta.

Valorarase:

- O grao de coñecemento dos contidos mínimos esixidos.
- A capacidade de razoamento, iniciativa e creatividade na resolución de problemas.
- Normas de protección e hixiene da modelo e da alumna/o.
- A secuenciación e destreza e xustificación de cada fase do proceso

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará una sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un deles, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional corresponde.

O tratamento da diversidade na FPB non pode ter a mesma consideración que nas etapas educativas anteriores, donde se debe asegurar a tódolo alumnado a consecución do dereito a unha educación básica.

Sen embargo, non tódolos estudantes progresan por igual senon que algúns deles manifestan máis dificultades para o proceso de aprendizaxe e por elo, necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as posibilidades de cada quen.

Esta atención a diversidade realízase dentro da aula.

A profesora utilizará as estratexias concretas a seguir con cada alumno/a, unha vez vista a realidade que ten de diante, así como os distintos ritmos de aprendizaxe, interese e coñecementos previos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos nos que o proceso de aprendizaxe nos sexa progresivo, é dicir, cando a avaliación positiva de unha unidade non implique a superación das deficiencias e erros anteriormente detectados, e, polo tanto, non poda levar implícita a recuperación das unidades anteriores, realizaránse actividades específicas de recuperación.

Cando algún alumno/a non alcance unha valoración suficiente en calquera dos conceptos avaliados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceránse actividades específicas de recuperación

que realizarán ó longo das unidades seguintes.

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades implicados, en: resolución de cuestiona-rios, análise e solución de problemas e casos, traballos, informes, realización de estudos , etc.

Dentro do grupo poder haber alumnado que non acade os obxectivos das actividades ou, pola contra que acaden sobradamente os obxectivos previstos. En ámbolos dous casos prantexaranse alternativas.

- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

Unha actividade común para todo o alumnado coa finalidade de asimila-los mínimos esixibles

Unha actividade máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se profundice nos coñecementos adquiridos

Unha actividade máis sinxela cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimentos máis de preto por parte do profesor /a do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

- Para o alumnado que non supere o módulo ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas xunto coa realización dalgunha das actividades das UD nas que non se acadaron os obxectivos previstos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un dos obxectivos principais da ensinanza de calidade é ofrecer un acercamento á propia realidade dos alumnos, tanto ó seu entorno coma ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. Por iso, a se ter en conta que non tódolos alumnos adquiren ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, se debe asegurar un nivel mínimo para tódolos alumnos ó final da etapa, e permitindo á vez que os alumnos máis aventaxados poidan ampliar os seus coñecementos máis alá dese mínimo común.

Estes obxectivos se logran mediante o plantexamento das unidades en dous niveis. Nun primeiro nivel plantearanse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar, a un segundo nivel de profundización, ó estudo de temas máis concretos. O primeiro nivel debería ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente según as capacidades de cada alumno en concreto. En moitos casos será interesante propor ós alumnos que así o requiran actividades propias de investigación sobre temas que sexan do seu interese e da súa capacidade específicas.

Á atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que van aplicar na aula. Estas estratexias son de dous tipos:

Unha estratexia expositiva nos contidos básicos. O obxectivo é asegurarnos de que esos contidos básicos son comprendidos por tódolos alumnos, definindo claramente o nivel que se quere alcanzar.

Unha estratexia indagatoria no caso dos contidos específicos, que permita ós alumnos profundizar nas súas investigacións según sexan as súas distintas capacidades e intereses.

Instrumentos concretos e medidas complementarias de atención á diversidade:

De maneira máis concreta, os instrumentos para atender á diversidade son:

Variedade metodolóxica.

Variedade de actividades de reforzo e profundización.

Multiplicidade de procedementos de avaliación da aprendizaxe.

Diversidade de mecanismos de recuperación.

Revisión trimestral por parte dos alumnos do desenrolo da programación.

Traballo en pequenos grupos.

Traballos voluntarios.

Estos instrumentos poden ser completados con algunhas outras medidas que permitan unha adecuada atención á diversidade, como poderían ser:

Facer unha detallada avaliación inicial.

Favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula.

Insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.

Aproveitar as actividades fora da aula para lograr unha boa cohesión e integración do grupo.

Partimos de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Educación para a convivencia

Persegue e concreta unha parte importante dos obxetivos da educación moral e cívica presentes en todo el currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante:

O respecto á autonomía dos demais.

O diálogo como forma de solucionar as diferencias.

Educación para a saúde

Pártese dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantexa dous tipos de obxetivos:

Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou sanalas.

Desenrolar hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, etc.

Educación para a paz

Non se pode dissociar da educación para la comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenrolo e a cooperación. Persegue o obxectivo práctico, entre outros de:

Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación do consumidor

Planteas, entre outros, estes obxetivos:

Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.

Desenrolar un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e das formas de facelos efectivos.

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación para a igualdade

Plantéxase expresamente pola necesidade de crear dende a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxetivos están:

Desenrolar a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da persoa

Analizar críticamente a realidade e corregir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións, etc.

Adquirir habilidades e recursos para realizar cualquier tipo de tarefas.

Consolidar hábitos non discriminatorios.

Educación ambiental

Entre os seus obxetivos, atópanse os seguintes:

Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

Desenrolar conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.

Desenrolar capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuir ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación para Europa

Os obxetivos principais son:

Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.

Desenrolar a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigas.

Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural

A educación multicultural ¿ou intercultural¿ ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e fanas máis urxente os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nos de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Alguns dos seus obxetivos son os seguintes:

Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.

Desenrolar actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visualización de vídeo, TV, DVD, revistas especializadas

- Demostracións de casas comerciais no módulo correspondente

- Conferencias de persoal especializado no módulo correspondente.

- Saldas educativas (congresos, exposicións, ferias: Barcelona, Madrid, Oporto...)

- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos/as: desfiles...

- Visitas a Balnearios, fábricas de cosméticos...

- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas... as distintas tendencias da moda a través de aparellos innovadores no mercado



10. Outros apartados

10.1) TEMPORALIZACIÓN

O tratarse de avaliación continua e dada a progresión necesaria para o aprendizaxe e destrezas dos contidos, e adaptando a formación á realidade profesional dos contidos deste módulo, favorecendo así a adaptación ao mercado laboral, a temporalización e secuenciación da aprendizaxe non se axustará a orde establecida nas UD.

10.2) ACTITUDE

Cando un alumno/a non trate axeitadamente o material de traballo do centro para o uso e na forma indicada pola profesora, deberá traer o seu propio material para a realización das prácticas.

Cando un alumno/a non traia o material persoal ou uniforme indicado pola profesora, non cumpra as normas de hixiene, actitudes correctas, etc. non poderá realizar as prácticas que correspondan a esa xornada, indicándolle a profesora outras tarefas relacionadas co módulo.

10.3) MODELOS

Para a realización das prácticas na aula-taller se lle esixirá a todo o alumnado que se poña de modelo para os/as compañeiros/as que lle adxudique o docente